

Obras Civis Global que melloran a contorna

Desde o ano 2000 Civis Global ten implantados na súa xestión os sistemas de calidade e medio ambiente, certificados segundo normas ISO 9001:2000 e ISO 14001:2004.

Baixo estes sistemas de traballo, Civis Global márcase como obxectivo manter unhas políticas óptimas para a xestión ambientalmente sustentable e de calidade do seu proceso produtivo.



Eficiencia enerxética

Civis Global ten desenvolto proxectos como a Nave multiusos no Polígono de Balaídos de Zona Franca de Vigo que se abastece de enerxía solar. Tamén ten dotado dunha instalación de xeotermia ao edificio central do Polígono industrial de A Granxa (O Porriño).




A xestión de residuos

Civis Global ten construído numerosas depuradoras de augas residuais en España. Ademais ten feito proxectos de saneamento integral en zonas rurais de Galicia, Asturias ou Andalucía, aplicando as mellores solucións de enxeñería ambiental para mellorar a contorna.



Integración no medio

A sede de Hifas da Terra na parroquia pontevedresa de Bora é un exemplo de construción que integra funcións industriais propias dun laboratorio de investigación biolóxica coa arquitectura da contorna.



O caso contrario é o xardín vertical instalado na fachada da Nave multiusos de Zona Franca en Balaídos (Vigo), onde a vexetación serve de filtro á contorna industrial.

Itinerarios

Ás veces construír é recuperar contorna e volvelo máis visible para os visitantes. É o que sucede co paseo fluvial tras a obra de saneamento no río Cabe en Monforte (Lugo). Ou coa estrada e paseo de acceso a Cabo Ortegal en Cariño (A Coruña).

